

PROXECTO LECTOR

2022-2023

IES Plurilingüe de AMES



Bibliotecas
escolares
de Galicia



1. A BIBLIOTECA RECUPERA A SITUACIÓN DE PLENA NORMALIDADE PREVIA AOS ESCENARIOS COVID-19.....	3
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN XERAL DE PARTIDA.....	3
3. OBXECTIVOS.....	6
4. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO.....	8
5. ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES PREVISTAS POLO EQUIPO DA BIBLIOTECA.....	9
5.1 Formación de usuarios/as e educación documental.....	9
5.2 Divulgación e adquisición de novos fondos.....	10
5.3 Fomento da lectura e creación literaria.....	11
6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	13
7. PROXECTOS LECTORES DE CADA DEPARTAMENTO.....	14
7.1 Formación de usuarios/as e educación documental.....	14
7.2 Divulgación e adquisición de novos fondos.....	15
7.3. Fomento da lectura e creación literaria.....	15
8. O PROXECTO LECTOR DE CENTRO E OS PROXECTOS LECTORES DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS. PROXECTOS OU PROPOSTAS INTEGRADOS.....	16
9. APLICACIÓN DAS TIC Ó PROXECTO LECTOR.....	20
10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	21
11. AVALIACIÓN.....	22
12. PROBLEMAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DESEXABLES.....	22

1. A BIBLIOTECA RECUPERA A SITUACIÓN DE PLENA NORMALIDADE PREVIA AOS ESCENARIOS COVID-19.

No curso 2022-2023 xa se poderá contar con plena normalidade coa biblioteca como espazo propio, sala de lectura presencial, lugar de aprendizaxes e viveiro de cidadanía, sen quendas de entrada e aforo limitado, con todo segue sendo moi notoria a redución de horario de atención á comunidade educativa (de catro horas diarias permanentes en cursos anteriores á pandemia pásase a dous recreos e algunhas horas soltas na actualidade) e a redución do equipo de apoio (de nove profesores/as pásase a tres), debido á maior carga lectiva e á falta de aportación de recursos humanos por parte da administración.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN XERAL DE PARTIDA

1- Análise da infraestrutura bibliotecaria

Instalacións

Unha biblioteca situada na primeira planta con capacidade para unhas 70 persoas en condicións normais.

Fondos da Biblioteca

- Fondo bibliográfico dividido en distintas seccións
- Publicacións periódicas (prensa e revistas).
- Materiais especiais: Vídeos, DVD, CD e cassetes, CD-ROM, diapositivas, xogos didácticos...

O total de rexistros catalogados a 19 de maio de 2022 era de **18173 exemplares (informes Koha).**

Os fondos poden consultarse en <https://iesames.edubib.xunta.gal/>. O propio blog da biblioteca ofrece o servizo de busca de títulos :<https://bibliocarlosnieto.blogspot.com>.

Organización administrativa da biblioteca

Ata o segundo trimestre do curso 21-22 todos os fondos da Biblioteca estiveron rexistrados e catalogados empregando o programa de xestión bibliográfica da Consellería de Cultura **Proxecto Meiga**. A partir do 23 de marzo de 2022 do curso pasado xa está operativo o novo programa **Koha-Bescolares**.

Existen as seguintes grandes seccións:

- Obras de consulta: enciclopedias, dicionarios, atlas e coleccións sobre distintas materias (arte, literatura, xeografía e historia, ciencias da natureza, matemáticas, ..)
- Sección de materias: os libros están organizados en subseccións correspondentes ás diversas materias impartidas no centro: matemáticas, economía, bioloxía, física e química, xeografía e historia, relixión, música, inglés, francés, clásicas, filosofía, igualdade de xénero, orientación, tecnoloxía e informática, .. Cada sección dispón dun cartel informativo onde aparece o nome da materia e a sinatura correspondente ós libros alí ordenados
- Sección de Literatura: aquí temos as obras literarias organizadas en dúas subseccións: Lingua castelá e Literatura e Lingua galega e Literatura. Sección de biografías. Desde o curso 18/19 habilítouse unha sección de Lingua e literatura portuguesa, de Lingua e Literatura italiana e outra de títulos empregados nos clubs de lectura. Tamén se agrupan, desde o curso 19/20, recursos centrados na igualdade de xénero.
- Sección de cine, documentais, música e multimedia: ordenados segundo o soporte e a materia
- Sección de banda deseñada: historietas gráficas en galego, castelán, francés, inglés...
- Sección de publicacións periódicas: en dous expositores atopamos a prensa e as revistas con recepción regular: El País Semanal, A Voz, Historia National Geographic, National Geographic, Muy Interesante, Biblos Clube de Lectura, Sport Training, Grial, Dirigido Por, Cinemanía, Cerna, Nós diario- Sermos Galiza, O Papagaio,...
- Prensa dixital galega, nacional e internacional que se pode consultar a través do blog da biblioteca.

Equipamento e Mobiliario

- A biblioteca dispón de 10 mesas con capacidade para 6 lectores/as cada unha. Son moi incómodas polo taboleiro tan inclinado, que fai difícil poder traballar con máis dun libro e poder escribir ó mesmo tempo. Temos dúas mesas planas para unhas dez persoas co obxectivo de facilitar o traballo en grupo. Co fin de desconxestionar os espazos interiores, a idea é instalar andeis e algunha mesa na zona exterior de entrada á biblioteca onde se situarían as grandes enciclopedias e xogos didácticos (xadrez, damas, palabras tabú,...). A finais do curso 21-22, iniciouse o cambio desas mesas e cadeiras antigas por mobiliario acorde ao século XXI, máis colaborativo, luminoso e atractivo.

- Dotación informática: unha tableta, tres libros dixitais (e-reader), un disco duro portátil, catro ordenadores de sobremesa a disposición do alumnado, un ordenador de sobremesa para a xestión informática e un ordenador portátil conectado a unha pantalla TV situada na entrada do centro e ao canón proxector situado no espazo da biblioteca. Cada ano escolar procúrase renovar ou aumentar os equipos informáticos. A partir do curso 21-22 cóntase cun novo wifi de última xeración e unha cámara webcam para o ordenador de sobremesa.

A biblioteca estará aberta para préstamos e devolucións e como espazo de lectura só de maneira permanente nos dous recreos. Na medida que o permita a dispoñibilidade horaria do equipo de biblioteca, habería algunhas horas alternativas de apertura. Os axustes no profesorado e nas horas lectivas, así como o elevado número de alumnado do centro (791 alumnos/as máis 74 profesores/as e 8 non docentes), obrigan ó centro a un esforzo moi dificultoso á hora de cumprir adecuadamente coas “instrucións relacionadas coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares” (3-6 de setembro de 2022).

Servizo de préstamo e funcionamento

Todo o alumnado e profesorado do centro pode acceder ao servizo de préstamos dun máximo de tres libros por quince días (coa posibilidade de ser ampliables a quince máis). Para acceder a este servizo só é necesario estar dado de alta na base de datos de usuario/a.

2- Análise das prácticas lectoras e escritas do alumnado

Atendendo o elevado índice de participación do alumnado nas actividades organizadas nestes últimos cursos pola biblioteca e o elevado número dos que forman parte do Clubs de lectura, a situación de partida é positiva. Hai moitos alumnos e alumnas para os cales a lectura é unha actividade habitual nas súas vidas.

Un total de **136** rapaces e rapazas déronse de alta como socios/as novos/as ao longo do curso pasado. Do total de socios/as, **889 usuarios/as** utilizaron o servizo con regularidade ao longo do ano académico. Contabilizáronse un total de **1.343 empréstitos** (datos de 12 maio de 2022).

De todas formas, temos alumnos/as que non len habitualmente e incluso alumnos/as que teñen dificultades de comprensión lectora e expresión escrita. Segundo a información facilitada polo profesorado, Departamento de Orientación e Pedagogía Terapéutica, os principais problemas que se observan son os seguintes:

- Silabeo e lectura non comprensiva, por erros na aprendizaxe que quedaron sen corrixir e por falta de dedicación de tempo á lectura.
- Falta de motivación pola lectura, provocada pola “ditadura” dos medios audiovisuais e pola falta de estímulo lector nas súas casas e no seu contorno.
- Pouca destreza no labor de busca de información, na selección de material e na redacción de contidos, pola falta de práctica e a desorientación que provoca, ás veces, o exceso de información.
- Pouca destreza no manexo de determinadas fontes bibliográficas como dicionarios, enciclopedias, atlas..., provocada pola falta de práctica no seu manexo.

As actuacións do Proxecto Lector deben ir encamiñadas a ofrecer un marco no que eses alumnos/as xa lectores/as non vexan defraudadas a súas expectativas e a corrixir

problemas e crear uns hábitos de lectura nos alumnos/as non lectores/as ou con dificultades.

Proxectos como o Contrato-programa (Innova, Recupérate, PROA, ARCO...), PMAR en 2º da ESO, Programa de Diversificación a partir de 3º da ESO, FP Básicas, atención ao alumnado con Adaptacións Curriculares Significativas, axudan a prestar un traballo personalizado.

A biblioteca atende as peticións de compra de alumnado e profesorado con vistas a ter materiais axeitados para todos os niveis de lectura que temos no centro e para que todos e todas atopen o que esperan ou necesitan e a sintan como súa. Igualmente toma en consideración as propostas remitidas desde a ANPA e persoal non docente.

3. OBXECTIVOS

Marco referencial: Instrucións do 3-6 de setembro de 2022 e Anexos. PLAMBE 2022-2023 (DOG 30-05-2022). Liñas prioritarias de actuación para o curso 2022-2023.

“No curso 2022-2023 terase en conta o Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia que determina no seu artigo 38, a obrigatoriedade de que as bibliotecas dos centros educativos sirvan aos obxectivos do proxecto lector de centro que, no mesmo artigo, se define como un programa de promoción da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.” (3-6setembro 2022).

*“...A estratexia da UNESCO no seu documento **Alfabetización mediática e informacional: currículo para profesores (2011)** é reunir dous ámbitos tradicionalmente separados (o mediático e o informacional) como un conxunto combinado de competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) necesarias para a vida e o traballo de hoxe. AMI (alfabetización mediática e informacional) abarca toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e Internet, independentemente das tecnoloxías empregadas...(Instrucións 3-6 setembro 2022. Anexo I).*

“...a IFLA (Internatonial Federation of Library Associations) establece no 2015 que a biblioteca escolar é unha contorna física e dixital de aprendizaxe na escola onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara á información e ao coñecemento dos estudantes, tamén cara ao seu crecemento persoal, social e cultural.” (Instrucións 3-6 setembro de 2022).

- Promover unha **Biblioteca activa** na procura do desenvolvemento integral do alumnado, favorecendo a **alfabetización múltiple** e a integración das **tecnoloxías da comunicación**. A biblioteca coma **centro creativo de aprendizaxes**.
- Achegar servizos e programas que dean resposta ás necesidades informativas da comunidade educativa, contribuíndo a formar un **alumnado activo e**

comprometido coa sociedade complexa actual (obxectivos 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable).

- Potenciar a biblioteca coma un espazo **viveiro de cidadanía**
- Desenvolver competencias informacionais e mediáticas cara á **construción do pensamento crítico**.
- Crear e fomentar **hábitos lectores** no alumnado dentro e fóra da comunidade educativa, de xeito que formemos lectores/as que á súa vez difundan hábitos lectores no seu contorno, dentro e fóra da comunidade escolar. **A biblioteca actuará como mediadora das lecturas no centro**, deseñando e apoiando actividades para o fomento da lectura tendo en conta os distintos sectores que a conforman.
- Desenvolver e mellorar a **competencia lectora comprensiva** do alumnado. Adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información.
- Desenvolver e mellorar a **competencia escrita e oral** do alumnado.
- Familiarizar ó alumnado co **manexo de todo tipo de textos** escritos e orais: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios..., en soporte impreso ou electrónico.
- Fomentar as **capacidades de creación** literaria e artística en xeral do alumnado.
- Fomentar as **capacidades investigadoras** do alumnado mellorando a destreza do alumno/a no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), no labor de selección de material e na redacción e presentación de contidos.
- Facilitar desde a biblioteca do centro o **acceso á información** en todos os seus soportes, de xeito que as desigualdades económicas e sociais non supoñan un impedimento.
- Dar a coñecer a toda a comunidade escolar os fondos bibliográficos e audiovisuais existentes na biblioteca do centro.
- Conseguir que o profesorado considere a **biblioteca** como **centro de recursos** fundamental para acadar os obxectivos recollidos nos seus currículos, e impulse dende as aulas a busca de información e implicación do alumnado neste proceso.
- Facilitar o **tratamento transversal** dos contidos e un enfoque **interdisciplinario** en proxectos e actividades.
- Mellorar os fondos documentais da biblioteca para que haxa dispoñibilidade de lecturas adecuadas á idade e intereses de todo o alumnado.
- Achegar a toda a poboación escolar os recursos culturais necesarios e cumprir unha función de compensación das desigualdades (a biblioteca será cada vez máis unha **biblioteca inclusiva** e de apoio educativo NEAE, e será garantía para evitar a infoexclusión).
- Incorporar ás familias co fin de implicalas na formación lectora.
- Incorporar **alumnado e profesorado voluntario** como fórmula de integración de gran interese e como usuarios/as activos/as e solidarios/as.

- Actualizar e mellorar os espazos e as instalacións. Mobiliario acorde ao século XXI cómodo, colaborativo, luminoso e atractivo.
- Organizar iniciativas destinadas a impulsar a lectura de textos en **lingua galega** e contribuír a un maior vínculo da comunidade educativa coa **lingua e a literatura galegas**.
- Contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos marcados pola nova Lei de Educación (LOMLOE) e contribuír ao traballo por competencias : “ O saber facer”.

4. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO

Para acadar os obxectivos previstos debe haber unha boa coordinación entre o equipo docente que forma parte do equipo da biblioteca e o resto do profesorado e comunidade educativa. **A biblioteca estará aberta de maneira permanente unicamente nos dous recreos e nalgúnhas horas soltas.** Os axustes no profesorado e nas horas lectivas, así como o elevado número de alumnos do centro obrigan a un esforzo moi dificultoso á hora de cumprir adecuadamente coas “Instrucións relacionadas coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares” (3-6 setembro 2022).

Algunhas actividades organizaranse polo equipo de biblioteca. Outras levaranas a cabo os profesores e profesoras como parte dos **proxectos lectores** para cada materia e nivel recollidos nas súas programacións didácticas, sempre coa colaboración e axuda do equipo da biblioteca se o precisan.

É obriga dos membros do equipo de biblioteca axudar aos compañeiros/as na aplicación do proxecto lector, propoñéndolles materiais ou prestando a súa axuda para atopalos, suxerindo actividades que consideren interesantes, axudando a desenvolver as actividades propostas etc. O equipo de biblioteca tentará facer un seguimento continuo das actividades do proxecto lector realizadas en cada materia, e unha recollida, exposición e divulgación, dos materiais de traballo máis interesantes e de resultados obtidos. Cada profesor e profesora deberán ir recollendo as súas actividades e informar delas ao xefe/a de departamento ou ao profesor e profesora que forme parte do equipo de biblioteca. Deste xeito iremos elaborando a memoria das actividades feitas de maneira progresiva para ir facendo escolla de recursos para empregar noutros cursos ou ir transformando o que non funcione.

5. ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES PREVISTAS POLO EQUIPO DA BIBLIOTECA

En esencia, todas as actividades previstas na programación da biblioteca para este curso formarán parte da proposta do equipo de biblioteca para acadar os obxectivos do Proxecto Lector.

O Proxecto Lector do centro e os Proxectos lectores dos departamentos centraranse nos seguintes aspectos:

5.1 Formación de usuarios/as e educación documental

Para un adecuado e proveitoso uso da biblioteca do centro é necesario que a comunidade educativa coñeza o seu espazo físico, os criterios de clasificación do fondo documental e os fondos e servizos da biblioteca. Trátase de que toda a comunidade educativa aproveite ao máximo as posibilidades e o material de que dispón a biblioteca.

ACTIVIDADES:

- **Visita á biblioteca** acompañados/as polos titores e titoras de todos os **grupos de 1º da ESO**. O/a encargado/a da biblioteca explicaralles os espazos físicos da biblioteca, a localización das distintas materias segundo o criterio CDU, como localizar un libro no catálogo en liña, os servizos prestados pola biblioteca, as normas de funcionamento...
- **Visita á biblioteca dos restos dos grupos**. Aínda que o resto dos grupos xa recibiron esta información en anos anteriores, se algún profesor/a o considerase necesario, podería repetirse.
- **Elaboración de exercicios prácticos de busca de materiais**, elaboracións de fichas bibliográficas, métodos de rexistro e catalogación, o uso da CDU e dos centros de interese para que os poidan utilizar cos alumnos e alumnas os profesores e profesoras que o consideren necesario. Todo o alumnado do centro debería ser capaz de consultar se na biblioteca temos un determinado material e ser capaz de localizalo. Proxección de vídeos aconsellados pola asesoría de bibliotecas escolares.
- **Visita á biblioteca con cada grupo** para informar dos materiais audiovisuais que lles poden resultar mais interesantes para cada materia. Esta actividade debe estar recollida nos Proxectos lectores de cada departamento.
- **Planificación de proxectos de investigación**. Dar as claves aos alumnos/as de como elaborar un proxecto de investigación consultando diferentes fontes documentais e sistematizando a información. Esta actividade debe estar recollida nos Proxectos lectores de cada departamento.

- Os departamentos procurarán que os alumnos/as **preparen as actividades extraescolares cos fondos dispoñibles na biblioteca**. Trátase de que os alumnos e alumnas que participen nesas actividades, teñan buscado información antes de levalas a cabo. Os materiais elaborados pasarán a formar parte da sección de recursos didácticos da biblioteca

5.2 Divulgación e adquisición de novos fondos

É importante dar a coñecer a toda a comunidade escolar os fondos bibliográficos e audiovisuais existentes na biblioteca do centro. O equipo de biblioteca encárgase de dar a coñecer á comunidade escolar os materiais da biblioteca nos expositores, nos paneis, **no blog da biblioteca, ...**

Tamén é moi importante ir adquirindo novos fondos para cubrir **as necesidades de todo o alumnado, profesorado e atender as súas peticións** . Así mesmo teranse en conta as propostas da ANPA. Outras propostas da comunidade educativa suxiren libros **plurilingües, patrimonio natural e cultural, memoria histórica e democrática, medio ambiente, dereitos humanos, culturas tradicionais, xéneros literarios minoritarios, igualdade de xénero, LGTBI, muller na ciencia, divulgación da ciencia en galego, toponimia, lingua e cultura portuguesa, italiana, libros electrónicos, audiolibros e xogos educativos**. Actualización na oferta **de xornais e revistas** con especial **fincapé na lingua galega** e no interese cara á mocidade. Ademais de ter moi en conta a **compensación das desigualdades** que poida xurdir en toda a comunidade educativa, prestarase atención **ao alumnado inmigrante** que o centro está a recibir ao longo de todo o curso escolar. Por outro lado, os fondos **STEAM e fondos para contidos non ficción** axudaron nos últimos anos académicos a actualizar os recursos en galego e castelán de física-química, bioloxía, matemáticas, tecnoloxías e arte, historia, literatura... igualmente partidas económicas específicas destinadas a **Igualdade de xénero e biblioteca inclusiva** enriqueceron os recursos ofrecidos.

ACTIVIDADES:

- **Revisión dos fondos e elaboración de materiais** para a súa aplicación didáctica: guías de lectura de libros, revistas, guías didácticas de películas, vídeos..., con actividades para “antes de ler/ver”, “durante” e “despois”. Estes materiais haberá que dállos a coñecer aos membros do departamento e formarán parte do banco de recursos da biblioteca para a aplicación do proxecto lector.

- **Mini-exposicións temáticas dos fondos** da biblioteca. Os membros do equipo de biblioteca revisarán os fondos das súas materias e proporán exposicións de materiais, informarán aos compañeiros/as de departamento para que acudan cos seus alumnos/as a coñecer os materiais expostos. Tamén poden propoñer a realización dalgunha actividade concreta.

- **Difusión do libro feita polos propios alumnos e alumnas.** É evidente que son os propios alumnos/as os/as que mellor e máis poden influír entre os seus compañeiros/as para animar a ler, acudir a biblioteca e considerar a lectura como unha actividade interesante, divertida e ata emocionante. **O club de lectura**, do que falamos máis adiante, converteuse neste senso no noso mellor aliado. Daranse a coñecer os libros favoritos dos alumnos/as mediante as seguintes actividades:

1. Exposición dos fondos adquiridos por recomendación do alumnado.
2. Recollida ao longo do curso das críticas literarias sobre os libros que leron. As mellores poderanse encadernar para que sirvan como guía ó resto do alumnado.
3. Recompilación de información sobre os libros que máis gusten aos membros do Club de lectura para comezar o próximo curso cunha exposición nos corredores do Instituto de fotocopias das portadas dos libros que máis éxito tiveron entre os/as alumnos/as e elaboración dun álbum de recomendacións de lecturas do alumnado.

- Colaborar no plan de **adquisicións** facendo propostas e recollendo tanto as dos diferentes departamentos como as do alumnado e profesorado, ANPA ou calquera membro da comunidade educativa, xa sexa en soporte impreso, audiovisual ou multimedia ou de equipamento. Dispoñemos na biblioteca dunha **FICHA-SUXESTIÓN DE COMPRA** cos datos do recurso a adquirir, breve descrición e departamento ao que pode interesar.

- **Mercadiño de libros.** En colaboración coas librarías do concello intentarase organizar algún mercadiño de libros (Feiriña do Libro no Día do Libro ou nas Letras Galegas).

5.3 Fomento da lectura e creación literaria

A lectura é un dos alicerces básicos do proceso da aprendizaxe e todas as áreas do currículo precisan para o seu estudo do exercicio da lectura. Ademais a lectura pode converterse nunha actividade lúdica moi gratificante. É necesario, polo tanto, formar lectores/as e desenvolver uns hábitos de lectura facendo circular os fondos e estimulando os/as alumnos/as con diversas actividades.

ACTIVIDADES:

- **Hora de Ler.** Ademais do Departamento de Lingua Castelá e Galego que xa teñen como práctica habitual habilitar unha hora lectiva semanal á lectura en 1º ESO, desde a biblioteca traballárase para que nas outras materias se estenda esta importante actividade co fin de acadar o maior compromiso lector do alumnado. Unha proposta posible, que se

debatería na Comisión de Coordinación Pedagóxica, sería desenvolver na ESO, a partir do 2º recreo, unha “lectura efectiva” na materia que se imparta nese momento (habilitaríanse dez ou quince minutos a ler en voz alta un libro ou calquera texto que se considere oportuno). A hora de ler tería en conta igualmente un dos obxectivos subliñados desde Bibliotecas Escolares: contribuír de maneira significativa a impulsar a lingua galega.

- Continuación co **Club de Lectura Bibliolocus**. Organizado arredor da biblioteca, con alumnado, profesorado, persoal non docente e pais/nais, que se reunirán (de maneira presencial ou non presencial) cada semana ou cada 15 días para facer propostas de lectura e unha posta en común das lecturas feitas. Cada ano contamos coa colaboración de alumnado voluntario como monitores/as.

Este club de lectura funcionará todo o curso e animaráselles a que manteñan contacto durante as vacacións.

- **Puntos de troco de libros**. Hai un andel na cafetaría que é un punto de troco de libros ou “bookcrossing” e outras no primeiro andar do centro a disposición de toda a comunidade. Pedirase que quen colla un libro deixe outro a cambio se é posible. De todas maneiras non haberá control por parte de ninguén, deixaremos que funcione por si só.

- **O cine e a Biblioteca**. Impulsarase ao longo de todo o curso a utilización por parte da comunidade escolar da nosa filmoteca. Algunhas das medidas que se adoptarán para conseguir este obxectivo serán as seguintes:

- Incorporación de novos títulos aproveitando “ofertas”, mais atendendo ás peticións dos membros da comunidade escolar mediante o sistema de proposta de compras.
- Procurarase que en case todas as exposicións temáticas que se fagan estea tamén recollido material cinematográfico.
- Moitos departamentos e áreas utilizan como complemento didáctico fundamental o cine e os documentais para ilustrar o desenvolvemento dos seus proxectos curriculares.

- **Semana da prensa**. No caso de celebrar a semana da prensa co fin de promover o seu uso didáctico nas diferentes materias do currículo realizaríanse as seguintes actividades:

- Consulta da prensa dixital, xornais e revistas, a través do blog da biblioteca.
- Compra e exposición na biblioteca de prensa española e galega varios días en dúas semanas.
- Compra e exposición na biblioteca de prensa internacional: periódicos ingleses, franceses, portugueses, alemáns, italianos, gregos e algún exemplar de periódico turco, romano, polaco, ruso, ucraíno e árabe.

- Elaboración dunha guía didáctica sinxela para o estudo das características xerais da prensa: tipos de periódicos, seccións, tipos de textos periodísticos (noticias, crónicas, entrevistas...), fontes de información...
- Información sobre as actividades que ofrece a páxina web da Voz de Galicia, de Nós Diario,... para traballar coa prensa.

Nos últimos anos estase a participar todos os mércores lectivos no **Programa Prensa-Escola** do xornal La Voz de Galicia a través dos programas PMAR no ámbito lingüístico e social, na FP Básica e na materia de xeografía-historia na ESO e Bacharelato. Está previsto incorporar o programa de Diversificación Curricular (LOMLOE) a partir do curso 22-23.

- **Recitais de literatura e música.** Alumnos e alumnas do centro poderán facer lecturas de poesía ou prosa, elixidas por eles e elas, acompañados/as de música interpretada por outros alumnos e alumnas. Estes recitais faranse na biblioteca ou contorna próxima e acudirán a eles diferentes grupos do centro.

- **A Biblioteca solidaria.** Temos intención de programar diversas actividades e exposicións e promover actitudes solidarias co mundo que nos rodea.

- o Faremos unha exposición e guía de lectura sobre libros que reflicten situacións da nosa sociedade e historia contemporánea que non deberían pasar desapercibidas e sen denunciar.
- o Exposicións e compra de fondos para conmemorar datas sinaladas: **Día da Paz, Día do Medio Ambiente, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, ...**
- o Selección de películas e documentais con elaboración de recensións e propostas de traballo sobre temas fundamentais: a violencia, o traballo infantil, os dereitos básicos das persoas...

- **Propostas e recomendacións de lectura e cine dos departamentos.** Ademais das propostas que xurdirán no curso, cada departamento entregará aos alumnos e ás alumnas propostas de lecturas e cine para as **vacacións ou tempo libre**, axeitadas a cada nivel. Estas propostas enviaranse tamén por correo electrónico ós pais/nais e á biblioteca do concello.

- **Certames literarios en galego:** ao longo do curso convocarase os concursos **Chío contra a violencia de xénero e Coa Pel de Galiña (microrrelatos de terror)** para ESO e Bacharelato. Procurarase realizar igualmente un certame poético. Levarase a cabo coa colaboración do departamento de **Dinamización Lingüística**. Poderá participar todo o alumnado do centro, que tamén participará no xurado.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A biblioteca do centro tamén acollerá neste curso varias actividades destinadas a mellorar as capacidades lectoras, comprensivas e expresivas de grupos de alumnado con

necesidades especiais nestes campos. Teranse en conta as súas necesidades á hora de compra de material bibliográfico axeitado o seu nivel. Contarase coa colaboración do departamento de Orientación e Pedagogía Terapéutica. Neste curso os profesores e profesoras dos grupos de PMAR e Diversificación farán un uso continuado da biblioteca e dos seus fondos para moi diversas actividades. Igualmente fará uso da biblioteca o alumnado de FP Básica 1 e 2 , alumnado con **Adaptacións Curriculares Significativas e o acollido ao Contrato-Programa (Recupérate, Proa, Arco,...), afondamentos (reforzos)...**

1-Sesións prácticas de procura de recursos didácticos empregando as fontes informativas dispoñibles na biblioteca, tanto bibliográficas como dixitais. Actividade xa explicada no seu correspondente apartado.

2- Sesións de lectura compartida. Moitos días acudirán á biblioteca a ler. Ás veces elixirán eles ou elas os libros, outras veces a profesora ou profesor deixará enriba da mesa unha selección e eles ou elas irán escollendo.

3- Participación como xurado nos certame literarios. Xa funcionou moi ben outros cursos. Os alumnos e as alumnas toman moi en serio o seu traballo e len con moito detemento os traballos presentados ó concurso.

4- Traballo coa prensa. As liñas de traballo aparecen recollidas nos materiais complementarios da “semana da prensa”. Proposta de traballo a través de fichas que permiten o coñecemento das diferentes seccións dun xornal.

7. PROXECTOS LECTORES DE CADA DEPARTAMENTO

“Todos os departamentos ou niveis educativos, todos os programas do centro beneficianse dos recursos da biblioteca escolar e das oportunidades que esta ofrece para ampliar ou desenvolver tarefas de aprendizaxe. O equipo da biblioteca debe atender as necesidades de todas as áreas curriculares á hora de valorar novas adquisicións para un correcto equilibrio da colección, pero tamén os departamentos e outros equipos docentes deben contribuír coas súas propostas a unha adecuada selección de materiais físicos ou virtuais.” (Instrucións de 3-6 setembro 2022).

O equipo encargado da biblioteca elaborou unha serie de pautas a seguir para que os departamentos inclúan nas súas programacións as actividades necesarias para levar a cabo o proxecto lector e acadar os obxectivos propostos.

Teñen que estar recollidas nos Plans Lectores de cada departamento actividades propias para cada materia para cubrir os seguintes aspectos:

7.1 Formación de usuarios/as e educación documental

- **Visita á biblioteca con cada grupo** para informar dos materiais audiovisuais e bibliográficos que lles poden resultar mais interesantes para cada materia. Farase preferentemente na 1ª avaliación.

- **Planificación de proxectos de investigación.** Dar as claves ao alumnado de como elaborar un proxecto de investigación consultando diferentes fontes documentais e sistematizando a información. Debería facerse durante todo o curso e ir aumentando progresivamente a dificultade dos traballos propostos.

- Os departamentos procurarán que o alumnado **prepare as actividades extraescolares cos fondos dispoñibles na biblioteca.** Trátase de que os alumnos e alumnas que participen nesas actividades, teñan buscado información antes de levalas a cabo. Os materiais elaborados pasarán a formar parte da sección de recursos didácticos da biblioteca.

7.2 Divulgación e adquisición de novos fondos

- **Revisión dos fondos documentais de cada área** para avaliar as necesidades de cada departamento e propostas de adquisición de novos fondos para garantir a dispoñibilidade de lecturas adecuadas á idade e intereses de todos os alumnos e alumnas. Teranse en conta igualmente as propostas aportadas desde a ANPA ou calquera membro da comunidade educativa.

7.3. Fomento da lectura e creación literaria

- **Propostas e recomendacións de lectura, cine, páxinas web... dos Departamentos.** Ademais das propostas que xurdirán no curso, cada departamento entregará ao alumnado propostas de lecturas e cine para as **vacacións ou tempo libre**, axeitadas a cada nivel. Estas propostas, enviaranse tamén por correo electrónico aos pais e nais e á biblioteca do concello.

- Elaboración de **Itinerarios Lectores.** Selección de títulos axeitados para cada nivel de idade, con propostas de traballo para antes da lectura, durante e despois. Estes itinerarios deben ter unha duración media de dous anos e ser abertos e flexibles.

Algunhas actividades posibles poden ser:

- Para “antes”. Hai que activar o coñecemento previo do que se vai ler e fomentar a curiosidade. Algunhas informacións dosificadas e o debate previo poden funcionar ben.

- Para “durante”. Hai que programar actividades que favorezan a comprensión e manteñan un ritmo de lectura adecuado. Pódense facer lecturas compartidas, aclaración de dúbidas puntuais, solución de cuestionarios ou exercicios...

- Para “despois”. Hai que programar actividades que permitan comprobar se o alumno ou alumna asimilou a lectura e formar lectores e lectoras críticos: obter a idea principal, elaboración de resumos, preguntas de elaboración persoal...

Na elaboración de itinerarios teranse en conta tamén o material audiovisual do que dispón a biblioteca e as revistas divulgativas.

En calquera das actividades propostas polos departamentos deben de terse en conta os seguintes aspectos:

- Ter en conta dúas facetas: **lectura** como medio para o **aprendizaxe**, e lectura como fonte de **lecer**.
- **Traballo con todo tipo de textos e de fontes escritas e orais:** literarios, xornalísticos, expositivos, publicitarios, en soporte impreso ou electrónico.
 - Manexo de dicionarios en formato libro e Internet (de lingua galega, española, francés, inglés, portugués, italiano, latín, grego, sinónimos, antónimos, etimolóxicos, científicos, históricos,..)
 - Manexo de diferentes fontes de información en formato libro e Internet: manuais xenéricos, monografías específicas...
 - Lectura de artigos xornalísticos e de revistas que teñan relación con cada materia.
 - Manexo de distintos tipos de atlas: xeográfico, histórico, do corpo humano...)

Nas programacións elaboradas por cada departamento están recollidas as actuacións e propostas concretas para cada materia e nivel.

8. O PROXECTO LECTOR DE CENTRO E OS PROXECTOS LECTORES DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS. PROXECTOS OU PROPOSTAS INTEGRADOS.

Un dos principais labores do equipo da biblioteca será o de articular as actuacións do profesorado encamiñadas a conseguir os obxectivos pedagóxicos marcados no **proxecto lector do centro** e nos **proxectos lectores dos departamentos didácticos**. así como deseñar e apoiar aquelas actividades para o fomento da lectura que se propoñan desde os diferentes ámbitos da comunidade escolar. Daquela, a biblioteca participará activamente no curso 2022-23 nos seguintes proxectos:

- **O Plan Lector de Centro:** Como **eixe temático** neste curso 22-23 tomarase como referencia marco, e aberto a diferentes actividades, o lema achegado desde Bibliotecas Escolares: **Escribir a Biblioteca**, co obxectivo de fomentar a escrita.
- **Apoio, colaboración e coordinación cos diferentes departamentos e os seus proxectos:** cultura clásica (propostas de traballo desde o latín e o grego baixo a coordinación do profesor José Antonio López e a profesora Margarita Olivar, a través do desenvolvemento dos clubs de lectura SPQR, Cultura Clásica, Somos Clásicos, A

antigüidade clásica no cine e outras iniciativas...), Xeografía e historia (patrimonio natural e cultural do IESP de Ames e do municipio de Ames: dinamización do eido do centro e divulgación de patrimonio, coordinado pola profesora Sabela Cobas), Filosofía (Día mundial da filosofía e outras actividades coordinadas polo profesor Roberto Barral...), Física e Química (divulgación da ciencia, coordinado pola profesora Pepa Gamarra...), Francés (divulgación e coñecemento do cine francés,...),...

- **Hora de ler:** ademais dos Departamentos de Lingua Castelá e Galega que xa teñen como práctica habitual habilitar unha hora lectiva semanal á lectura en 1º ESO, desde a biblioteca traballárase para que nas outras materias, aínda que se leve a cabo alternativamente en cada trimestre e tendo en conta cadansúa disposición horaria, se estenda esta importante actividade co fin de acadar o maior compromiso lector do alumnado. Como criterio temático o punto de partida podería ser o lema suxerido como referencia desde a asesoría de bibliotecas escolares, aínda que cada departamento pode marcar as súas preferencias e proxectos en base ás súas programacións específicas.
- **Ames no tempo:** recollida, catalogación temática e exposición de fotografía antiga do concello a través da colaboración de distintos departamentos. Colaboración con outros colectivos ou iniciativas particulares do concello relacionados con este proxecto.
- **Apoio e coordinación co equipo de dinamización lingüística.** Contribución a un maior vínculo da comunidades escolar coa lingua galega. Igualmente colaborárase con actividades específicas propostas ó respecto desde o Concello de Ames e desde o seu servizo de normalización lingüística, como é o caso da actividade “**Desata a Lingua**” de **Radio Ames**, as relacionadas coas **Letras Galegas** ou os **Clubs de Debate**, entre outras.
- **Escritores e escritoras, artistas, investigadores/as... na Amaía:** a comarca da Amaía é un interesante espazo estratéxico, continuo de Compostela, no que habitan cualificados/as profesionais dos diferentes ámbitos da cultura e do coñecemento. Desde a Biblioteca propórase ós diferentes departamentos aproveitar a súa cercanía e contar coa súa presenza
- **Apoio á FP Básica 1 e 2:** a biblioteca colaborará co profesorado de ciencias e letras na programación de lecturas básicas adecuadas ó seu nivel educativo.
- **Apoio aos grupos de PMAR e Diversificación:** grupos de 2º e 3º ESO cun número reducido de alumnado con problemáticas de aprendizaxe. Así mesmo recibirán apoio os alumnos e as alumnas que necesitan **Adaptación Curriculares**

Significativas (pedagogía terapéutica). Atención ás horas de Afondamentos (reforzos).

- **Apoio a novas materias implantadas nos últimos anos:** “Programación“, “Iniciación á actividade emprendedora e empresarial”, “Ciencias aplicadas á actividade profesional”, “Introdución á creación sonora con medios dixitais”, “Actividade física e saúde”, “Introdución ás ciencias da actividade física e ó deporte” e “Anatomía aplicada”. “Técnicas de laboratorio”, “Introducción á contabilidade”, “Reforzos de Lingua Castelá e Matemáticas”, “Robótica Musical” en inglés, “Matemáticas Manipulativas”, “Igualdade de xénero”, “Robótica”, “Supostos prácticos de economía”, “Práctica de economía de empresa”, “Lingua e cultura portuguesa”, “italiana”, “materias plurilingües (EF, Bioloxía, Física e Química, Historia)..., poñendo a disposición do profesorado e alumnado recursos informativos e dixitais encamiñados fundamentalmente a traballos de investigación.
- Apoio ás novas proposta da **nova Lei de Educación (LOMLOE)** , que xa se desenvolven no curso 22-23: Educación Dixital, Oratoria, Tecnoloxía e enxeñaría, Afondamentos, Proxecto Competencial,...
- Apoio a propostas de **Proxectos de Formación no centro.**
- Proxecto transversal Redes de Cooperación: **Memoria democrática e dereitos humanos:** actividade transversal sobre a memoria histórica (filosofía, xeografía e historia, clásicas, francés, galego, ...), coordinada polo profesor Roberto Barral do departamento de filosofía.
- Proxecto **Cultura da Sostibilidade. Ames Sostible:** obxectivos para o desenvolvemento sostible e educación para a emerxencia climática. Podcasts “ Chíos Verdes”. Actividade transversal coordinada pola profesora Aida do departamento de Bioloxía e Ana Rodríguez do departamento de matemáticas.
- Proxectos **Polos Creativos, Club de Ciencia, Radio Escolar.**
- **Apoio ao estudo na biblioteca ou aula alternativa dentro e fóra do horario escolar:** alumnado de bacharelato e ESO que non cursa todas as materias, con convalidacións ou con asignaturas a distancia, e todo aquel alumnado que desexe acudir os xoves pola tarde en horario de 16:40 a 20:20.
- **Biblioteca escolar, lema 2022-2023:** A partir do lema proposto desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares para o curso 2022-23, **Escribir a Biblioteca,** fomentaranse lecturas e organizaranse actividades relacionadas con esta temática.
- **Rede de Bibliotecas dos centros públicos do Concello de Ames:** intercambio de recursos, actividades, elaboración de guías de lecturas conxuntas: Agustín

Fernández Paz do CEIP A Maía de Bertamiráns, CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, CEIP de Ventín, Escolas Unitarias, IES do Milladoiro e IES Plurilingüe de Ames. Intercambio presencial de alumnado entre os centros de secundaria e primaria para traballar lecturas e contacontos. Proxecto conxunto do boletín **Bibliocontorna**. Esta rede de bibliotecas conta coa colaboración do concello de Ames.

- **Blog da Biblioteca:** é unha ferramenta de encontro e comunicación para todas e todos os membros da comunidade educativa do centro. Trátase dun sitio web sinxelo, popular e gratuito, cuxo principal obxectivo é crear un novo servizo que permita dar a coñecer ós usuarios/as, de forma inmediata, os novos libros, películas ou calquera outro material que se incorpore ós fondos, así como noticia das actividades que se organicen, e que ofrezca en consecuencia todo tipo de recursos para compartir, difundir, opinar, colaborar, interactuar coa información e entre os usuarios/as con ánimo de xerar coñecemento. En definitiva, unha Biblioteca Aberta á comunidade escolar as vinte e catro horas. Renovación das distintas seccións en función da actualidade cultural.
- **A Biblioteca solidaria:** Faremos unha selección de películas, curtas e documentais con actividades variadas para traballar temas de actualidade relacionados coa violencia, marxinação e integración, dereito a educación. Por exemplo, a celebración do **Día internacional contra a violencia de xénero (25 de novembro)**. Colaboración e participación en actividades propostas pola comunidade educativa do IES de Ames e o Concello de Ames ó longo do curso. Procura dunha maior implicación de **alumnado e profesorado voluntario**.
- **Celebración do Día Internacional da Muller.**
- **Celebración do Día escolar da Paz e non violencia.**
- **Vampirismo na literatura e no cine:** proposta interdisciplinar aproveitando o tempo do samain e o tema da morte (filosofía, clásicas, galego...).
- **Contrato-programa:** colaboración co profesorado á hora de traballar as liñas de actuación previstas (Innova, Recupérate, Proa, Arco...).
- **Clubs de Lectura:** narrativa en galego, castelán, inglés, portugués, igualdade de xénero, poesía, cultura clásica, letras musicadas, cómic, novela histórica, crítica xornalística , apoio educativo...

Outras actividades

- **Troco de libros.** Os armarios da biblioteca dedicados a esta actividade están situados na cafetería e no primeiro andar onde ofrecen máis utilidade.

- **Exposicións monotemáticas e conmemorativas:** celebración do Día das Bibliotecas, Día Mundial da Filosofía, Día Internacional do Migrante, Día do Libro, Día de Rosalía de Castro, Día Mundial da Poesía, Letras Galegas 2023, Ciencia en Galego, Día Mundial do Medio Ambiente, ...

- **Actividades extraescolares:** cando as circunstancias o permitan, a biblioteca organizará visitas a exposicións e actividades relacionadas co mundo do libro, do cine, do teatro ou das novas tecnoloxías. No caso do cine terase en conta e difundirase a programación didáctica da Sala Númax e outras de Compostela. Promoveranse **roteiros culturais** de importancia literaria, histórica, paisaxística e científica: Ruta Rosaliana, Trobadores medievais de Compostela, Illa de San Simón, Roteiro Pondaliano, Ruta Xacobeana do Mar de Arousa e Ulla (Rianxo: Castela, Dieste e Manuel Antonio), a Cas Museo de Ramón Cabanillas en Cambados, Celanova, terra dos poetas, Casa Museo de Manuel María, Cunqueiro e Mondoñedo,...

- Organización de **contacontos** en colaboración cos departamentos.

9. APLICACIÓN DAS TIC Ó PROXECTO LECTOR

“Cómpre atender a necesidade do alumnado de contar con recursos dixitais para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información e elaboración de produtos escritos ou en soporte electrónico), nun momento de potenciación das prácticas metodolóxicas que esixen a formación do alumnado neste tipo de tarefas...” (Instrucións 3-6de setembro 2022).

1. Obxectivos

- **Incorporar as tecnoloxías** da información e da comunicación ás actividades a realizar desde e na biblioteca do centro ou aulas alternativas.
- Procurar que o alumnado desenvolva **habilidades** para buscar, obter, procesar e dar a coñecer información en distintos soportes e formatos.
- Atopar e crear **iniciativas pedagóxicas innovadoras.**
- Fomentar os valores democráticos, tratamento da diversidade e a atención ao alumnado con necesidades específicas, partindo da idea de que a liberdade intelectual e o acceso a información para todos e todas están na base de calquera democracia.
- Proporcionar e facilitar ao alumnado o acceso aos recursos locais, rexionais, nacionais e mundiais, que os poñan en contacto con ideas, experiencias e opinións diferentes.

- Fomentar o uso do **blog da biblioteca** <https://bibliocarlosnieto.blogspot.com>
- Fomentar o **sitio web do centro** e os numerosos blogs asociados a diversas materias e proxectos do centro.
- Fomentar lecturas a través das **plataformas dixitais** (GaliciaLe, BIVIR, ebiblio, ebibliodacoruna, catálogo de libros na web sen dereitos de autor,...) e a adquisición de **pdfs, e-books**.. Acceso á plataforma dixital **E-LBE.2 desde o KOHA** .
- Apoio á implantación de **E-dixgal** en 1º e 2º da ESO .

2. Actuacións e actividades

1.- A través do blog da biblioteca:

- Os/as profesores/as recordarán ós seus alumnos e alumnas que pode consultarse o **catálogo da biblioteca** na rede e explicarán como hai que facer para atopar un libro ou material.
- Os membros da comunidade escolar poderán propor a adquisición de novos fondos; sección de novidades, con formato de blog ou forum, onde poidamos colgar o que entra novo; sección de crítica literaria, onde poder comentar as lecturas feitas...
- Utilización do correo electrónico: **bibliotecaiesames@gmail.com**
- Difusión dos accesos a bibliotecas multimedia.
- Busca de materiais e actividades didácticas en Internet. Aloxamento e agrupamento de contidos didácticos.

2.- Realización de **concursos electrónicos** que impliquen a consulta de libros ou outras web para atopar as respostas.

10.ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A programación dalgunha saída pode ser un complemento moi enriquecedor para os/as participantes no proxecto lector. Como posibles experiencias interesantes podemos citar as seguintes:

- Excursión no mes de Maio a algunha das moitas actividades que se realizan en Galicia e España en relación cos libros e audiovisuais: Feiras do libro, salóns do cómic, teatro,...
- Visita ás Bibliotecas da Universidade e ás públicas de Santiago de Compostela.

- Itinerarios culturais, históricos, naturais e científicos.
- Outras actividades que vaian xurdindo nas comarcas próximas: feiras do libro, exposicións, visitas a librarías, xornais, cine...

Ao longo do curso veranse as posibilidades de levalas a cabo, criterios de selección de alumnado, financiamento, etc.

11.AVALIACIÓN

O seguimento dos avances e problemas na posta en marcha do proxecto lector ten que facerse en dous niveis.

Por unha banda o equipo da biblioteca ten que ir avaliando o éxito e as dificultades que aparecerán no desenvolvemento das distintas actividades programadas para deseñalas de novo se é necesario. Ten que valorar cales das actividades teñen maior aceptación, cales son os fondos máis demandados polo alumnado, que deficiencias presenta a biblioteca á hora de desenvolver as actividades...

Todo o profesorado terá que avaliar os índices de lectura acadados, os progresos do alumnado na súa competencia literaria, investigadora,.. e as actitudes dos alumnos e alumnas diante da lectura como fonte de coñecemento, de aprendizaxe ou fonte de pracer. Tamén terá que constatar se ten necesidade de material, espazos físicos ou outras dificultades de tipo conxuntural que poida ir atopando.

Para levar a cabo os labores de avaliación poranse en marcha as seguintes actuacións:

- Reunións periódicas do equipo da biblioteca para facer unha posta en común, repartir o traballo, aportar suxestións e cambios...
- Lembraráselle trimestralmente ao profesorado que consignen por escrito as actividades realizadas, os problemas atopados, os resultados obtidos...
- Realización dalgunha enquisa entre o alumnado para comprobar se mudaron en algo os seus hábitos de lectura, cal é a súa actitude diante da lectura, que formatos prefire, que pensa das diferentes actividades nas que participa...

12.PROBLEMAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DESEXABLES

A posta en marcha do proxecto lector, que afecta a toda a comunidade educativa e que incluso a transcende, que implica a un número tan grande de persoas e que supón un esforzo e un traballo tan considerable, tería que vir acompañada de maiores medidas e previsións, de persoal e económicas, que facilitasen e permitisen acadar os obxectivos previstos.

Os axustes nos horarios e o elevado número de alumnado do IES Plurilingüe de Ames (791 alumnos/as, 74 profesores/as, 8 non docentes, no comezo do curso 22/23) dificultan o desenvolvemento do Plan Lector do Centro e das diferentes actividades da biblioteca escolar. Cómpre:

- Maiores dotacións económicas para seguir mellorando espazos, equipamento e mobiliario: mobiliario de biblioteca máis axeitado ó uso escolar, equipos informáticos suficientes, adquisición de máis fondos bibliográficos e audiovisuais que cubran as diversas expectativas e necesidades do alumnado de todas as idades (variedade de títulos e exemplares en número suficiente para compensar as desigualdades socioeconómicas entre o alumnado), do profesorado, da ANPA e de calquera membro da comunidade educativa.

- Dotación de persoal:

- Crear por lei a **figura de Bibliotecario/a**, especialista en biblioteconomía, de centro escolar.
- Prever nos horarios do profesorado que, cando menos, dous profesores/as por materia (un para o 1º ciclo e outro para o 2º) tivesen dúas horas de biblioteca para poder organizar e preparar actividades e axudar aos seus compañeiros/as a desenvolver o Proxecto Lector.
- Maior control por parte da Inspeccións dos Proxectos lectores dos Departamentos e a súa aplicación.

Bertamiráns, 15 de setembro de 2022

Asdo: Manuel Xesús Xiráldez González, profesor do Departamento de Lingua e Literatura Galega. Responsable da Biblioteca.